

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 30/10/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR
JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/10/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 2 de outubro de 2025
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes setembro de 2025.
3. Aprobación, se procede, da proposta de adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.
4. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal I.2, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.
5. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal II.2 Reguladora da Taxa polo subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros.
6. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal II.5 Reguladora da Taxa por Depuración de Augas Residuais

7. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal II.6, Reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos.
8. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza fiscal nº II.10 reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.
9. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal II.15 Reguladora da Taxa da rede de sumidoiros
10. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal IV.4 Fiscal Xeral.
11. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo voceiro do grupo político municipal do BNG, relativa ao emprego do galego na cartelería dos eventos nos que se atope implicado o Concello de Vilagarcía de Arousa.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, relativa á cancelación da celebración da Romaría dos Maiores.
14. Comparecencia da Tenente de Alcalde, Dona Tania García Sanmartín, solicitada polo voceiro do grupo político municipal de EU, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do Concello
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
18. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.
19. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
20. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Alberto Fandiño Mariño e D. Manuel Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 4 DE OUTUBRO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 4 de outubro de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación expediente de contratación
- 1 Aprobación plan de seguridade e saúde investimento
- 1 Autorización adscrición vehículo a licenza taxi
- 1 Cambio asalariado a licenza taxi
- 1 Deixar sen efecto providencia incoación conciliatardes
- 1 Anulación por duplicidade
- 1 Expediente de transferencia de crédito
- 3 Expediente de modificación de crédito por xeración
- 2 Recoñecemento de obriga relación de facturas
- 1 Comprobación de residencia efectiva
- 3 Licenza festas populares
- 2 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 4 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 13 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 3 Resolución sancionadora expediente sancionador de tráfico
- 1 Recurso de reposición expediente sancionador Recursos Humanos
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 4 Nomeamento funcionario/a
- 2 Excedencia voluntaria profesor conservatorio de música
- 1 Pagamento plan de pensións
- 1 Reorganización servizo de Contratación
- 8 Substitución posto de categoría superior
- 2 Designación representación Concello en recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
- 1 Resolución discrepancia reparo suspensivo de tramitación
- 1 Servizos mínimos do Servizo de Axuda no Fogar por mor da folga convocada
- 4 Licenza animais potencialmente perigosos
- 10 Levantamento de reparo
- 1 Desestimación IVTM
- 2 Rateo no IVTM
- 4 Estimatoria pagos duplicados
- 1 Prorratio no IAE
- 3 Estimatoria ICIO
- 6 Estimatoria compensación de débedas
- 44 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
- 5 Estimatoria recibos
- 2 Estimatoria IBI

15 Estimatoria/deseestimatoria beneficios fiscais no IVTM

2 Estimatoria IIVTNU

5 Pago comisións bancarias

1 Pago préstamo bancario

47 Orde de pago

1 Expediente sancionador Tesourería

28 Deber de conservación

14 Reposición da legalidade urbanística

25 Comunicación previa obras menores

14 Licenza de obra menor

15 Concesión de licenza de obra maior

1 Denegación de licenza de obra maior

2 Conformidade a proxecto de execución

1 Denegación de obra menor

TOTAL: 313

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 27 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE ADHESIÓN AO NOVO CONVENIO MARCO EN MATERIA DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO

O pasado día 6 de agosto de 2025 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema colectivo de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de vidro dun só uso denominado Sociedad Ecológica para el Reciclaje de los envases de vidrio (ECOVIDIRO) un novo convenio nesta materia coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse a este un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte ás competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma e para o período 2025-2028 o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente o Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

No caso no que, consonte ao previsto neste convenio marco, as entidades locais adopten a decisión de adherirse voluntariamente a este terán que escoller unha das tres modalidades organizativas para a xestión dos residuos de envases de vidro, a saber:

- O SRAP organiza totalmente e financia: as EELL non interveñen na organización da xestión dos residuos de envases domésticos de vidro dun só uso (REDV) e son os SRAP os que asumen todas as operacións de xestión dos REDV (incluída a súa recollida separada, transporte e tratamento). Os SRAP tamén asumirán a limpeza, o mantemento e a reparación dos contedores que instalasen na vía pública para a recollida separada. Neste caso os SRAP financiarán todos os custos inherentes á devandita xestión (en particular os da recollida, transporte, selección e clasificación e o seu tratamento posterior), fixarán a frecuencia de recollida e o número de lavado ao ano de colectores (sen a participación da entidade local).

Nesta modalidade de xestión as EELL, ao non asumir ningún dos custos de xestión, non terán dereito a ningunha compensación económica das recollidas no Anexo 3 do convenio.

- O SRAP organiza parcialmente e financia: as EELL faranse cargo da recollida separada dos REDV e do seu transporte ás explanadas. Tamén asumirán a limpeza, o mantemento e a reparación dos contedores empregados para a recollida separada. O SRAP financiará estas operacións.
- O SRAP non organiza, só financia: nesta modalidade as EELL encargaranse da organización total da xestión dos REDV, mentres que os SRAP asumirán unha mera obrigación financeira respecto destas operacións.

O convenio, no Anexo 3, establece as compensacións económicas que deberán aboar os SRAP ás EELL pola xestión dos envases de vidro (dependendo da modalidade organizativa para a xestión dos REDV que escollese a entidade local).

As cantidades que o SCAP deberá aboarlle ás entidades locais ou á planta de tratamento, na modalidade de “SRAP organiza parcialmente e financia” ou “SRAP non organiza, só financia”, polos conceptos de RECOLLIDA separada, transporte ata a explanada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SCAP, limpeza e mantemento dos contedores sería o seguinte:

RURALIDADE	Distancia a planchada (km)	€/t totais propostos	€/t recollida	€/t almacenamento e báscula	€/t limpeza	€/t mantemento	€/t xestión e supervisión
Urbano	0-50	32,78	20,99	6,45	4,31	0,20	0,82
Urbano	75-100	38,86	28,02	6,53	3,10	0,14	1,07

O caso de que a modalidade organizativa para a xestión dos REDV sexa “SRAP non organiza só financia” o SRAP deberá aboarlle o custo neto do TRATAMENTO e reciclaxe de vidro, no que se utilizará para o cálculo o prezo medio resultante do último concurso de venda de material do SRAP con respecto aos lotes da Comunidade Autónoma de Galicia

A elección por parte da entidade local dunha determinada modalidade de xestión suporá unha permanencia de doce meses.

O convenio terá un período de vixencia de catro anos.

Na actualidade o sistema de xestión vixente no Concello é que o SRAP (ECOVIDRIO a día de hoxe) organiza totalmente e financia.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- A adhesión ao convenio marco de colaboración entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso na primeira modalidade de xestión, é dicir, que o SRAP organiza totalmente e financia.

Vilagarcía de Arousa, da data da sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría: Aprobar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada

do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso na primeira modalidade de xestión, é dicir, que o SRAP organiza totalmente e financia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL I.2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, en aplicación do artigo 77 da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que atribúe a liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense unha serie de modificacións para mellorar a redacción dada no artigo 3.1.4 (relativo á bonificación por instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico) aclarando a documentación necesaria a presentar polo interesado e o momento no que a súa petición se pode conceder (no caso de cumprir cos requisitos).

Vistos os informes favorables de Tesourería e Secretaría, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do seguinte artigo da Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, nos seguintes termos:

O artigo 3.1.4. quedaría redactado como segue:

“Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto os inmobles de uso residencial nos que se instalen sistemas para o APROVEITAMENTO TÉRMICO OU ELÉCTRICO da enerxía provinte do sol sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que as instalacións contén co título habilitante urbanístico correspondente (licenza/declaración responsable/comunicación previa).
2. Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores/módulos homologados pola administración competente.

No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

O importe da bonificación anual non poderá exceder, para cada inmovle e exercicio, do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe da execución material repercutida a cada propietario no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

A bonificación prevista neste apartado terá carácter rogado e a solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Certificado de instalación eléctrica (CIE).
- Título habilitante para a realización da obra (licenza/declaración responsable/comunicación previa).

- Documentación que acredite o custe de execución material da obra (certificado ou factura do custe da instalación).

Será de aplicación durante os tres exercicios seguintes a aquel no que se realice a instalación.

Poderá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos e fornecerá efectos desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite, non tendo carácter retroactivo.

Para a súa concesión será preciso o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento e que conste presentada a documentación completa.

A bonificación non será de aplicación cando a instalación do sistema de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria consonte a normativa específica na materia”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº 1.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

- Por Dona Elena Suárez Sarmiento propónse que se inclúa unha bonificación para a enerxía eólica producida no recinto das instalacións ou vivendas unifamiliares.

- A Sra. Abalo Pérez responde que se estudará nas futuras ordenanzas fiscais.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal 1.2, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

Realízase o debate conxunto dos asuntos que figuran nos puntos 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, da Orde do Día, procedendo á votación dos mesmos por separado.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do seguinte artigo da Ordenanza Fiscal Nº 1.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, nos seguintes termos:

O artigo 3.1.4. quedaría redactado como segue:

“Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto os inmobles de uso residencial nos que se instalen sistemas para o APROVEITAMENTO TÉRMICO OU ELÉCTRICO

da enerxía provinte do sol sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que as instalacións contén co título habilitante urbanístico correspondente (licenza/declaración responsable/comunicación previa).
2. Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores/módulos homologados pola administración competente.

No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

O importe da bonificación anual non poderá exceder, para cada inmovible e exercicio, do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe da execución material repercutida a cada propietario no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

A bonificación prevista neste apartado terá carácter rogado e a solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Certificado de instalación eléctrica (CIE).
- Título habilitante para a realización da obra (licenza/declaración responsable/comunicación previa).
- Documentación que acredite o custe de execución material da obra (certificado ou factura do custe da instalación).

Será de aplicación durante os tres exercicios seguintes a aquel no que se realice a instalación.

Poderá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos e fornecerá efectos desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite, non tendo carácter retroactivo.

Para a súa concesión será preciso o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento e que conste presentada a documentación completa.

A bonificación non será de aplicación cando a instalación do sistema de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria consonte a normativa específica na materia”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.2, REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2026.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

- Modificación das tarifas do art. 9 da O.F. Nº II.2 e modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente ao IPC interanual do +2,7% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2024 a xullo/2025), con efectos para o 2026, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín.
- Actualizar tamén os importes previstos na Ordenanza para aqueles supostos de usos comerciais e industriais que non teñan instalado contador, quedando co seguinte importe:

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 12,41 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 25,52 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,383545 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,483731 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,515874 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,966 € / aboado mes
- Cota mínima mensual . 5,806 € / aboado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 12,41 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,483731 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,566677 € / m³
- Cota mensual de servizo . 4,715 € / aboado mes
- Cota mínima mensual . 9,551 € / aboado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,483731 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,584026 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,715 € / aboado mes
- Cota mínima mensual ... 16,809 € / aboado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 25,52 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e

normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,509409 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,593773 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,715 € / aboado mes
- Cota mínima mensual 37,827 € / aboado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,225 €, máis I.V.E., para todos os calibres, por aboado e mes.

A todas as tarifas (usos domésticos, comercial, industrial, obras en construción), incrementaráselle o I.V.E. correspondente.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2026

1.- ACOMETIDAS

Øacometida	Gabia terra (A)	Gabia asfalto (B)	Gabia baldosa-beirarrúa (C)
3/4"	231,25 €	305,03 €	368,17 €
1"	253,98 €	327,00 €	389,45 €
1 1/2"	336,25 €	410,00 €	473,98 €
2"	400,07 €	472,45 €	535,58 €

Acometidas de mais de 5 m.	¾"	1"	1½"	2"
(A) Incremento de por m	12,14 €	14,21 €	25,51 €	34,03 €
(B) Incremento de por m.	26,73 €	28,79 €	40,21 €	48,58 €
(C) Incremento de por m.	32,13 €	34,20 €	45,14 €	53,92 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm..... 101,57 €/ud.

Prezo: 20 mm..... 128,14 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

€/ud

Ø 15 mm. 70,15

Ø 20 mm. 96,72

Ø 25 mm. 157,50

Ø 30 mm. 220,18

Ø 40 mm. 341,42

Ø 50 mm. 745,76

Ø 65 mm. 924,52

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 22,75 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc., se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con

acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal II.2 Reguladora da Taxa polo subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,383545 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,483731 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,515874 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,966 € / aboado mes
- Cota mínima mensual . 5,806 € / aboado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 12,41 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,483731 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,566677 € / m³

- Cota mensual de servizo . 4,715 € / aboado mes
- Cota mínima mensual . 9,551 € / aboado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,483731 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,584026 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,715 € / aboado mes
- Cota mínima mensual ... 16,809 € / aboado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 25,52 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,509409 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,593773 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,715 € / aboado mes
- Cota mínima mensual 37,827 € / aboado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,225 €, máis I.V.E., para todos os calibres, por aboado e mes.

A todas as tarifas (usos domésticos, comercial, industrial, obras en construción), incrementaráselle o I.V.E. correspondente.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2026

1.- ACOMETIDAS

Øacometida	Gabia terra (A)	Gabia asfalto (B)	Gabia baldosa-beirarrúa (C)
3/4"	231,25 €	305,03 €	368,17 €
1"	253,98 €	327,00 €	389,45 €
1 1/2"	336,25 €	410,00 €	473,98 €
2"	400,07 €	472,45 €	535,58 €

Acometidas de mais de 5 m.	¾"	1"	1½"	2"
(A) Incremento de por m	12,14 €	14,21 €	25,51 €	34,03 €
(B) Incremento de por m.	26,73 €	28,79 €	40,21 €	48,58 €
(C) Incremento de por m.	32,13 €	34,20 €	45,14 €	53,92 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm..... 101,57 €/ud.

Prezo: 20 mm..... 128,14 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

€/ud

Ø 15 mm. 70,15

Ø 20 mm. 96,72

Ø 25 mm. 157,50

Ø 30 mm. 220,18
Ø 40 mm. 341,42
Ø 50 mm. 745,76
Ø 65 mm. 924,52

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 22,75 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc., se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.5, REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria-proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2026.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2026, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,7% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2024 a xullo/2025), con efectos para o 2026.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2026.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

€/ mes

Uso doméstico 2,980

Uso comercial 4,071

Uso industrial 7,513

b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:

€/ mes

Uso doméstico 4,208

Uso comercial 5,275

Uso industrial 12,024

B) CONSUMO SERVIZO AUGA:

- Uso doméstico:

€

Cada m³ consumido 0,104795

- Uso comercios:

€

Cada m³ consumido 0,104795

- Uso industrial:

€

Cada m³ consumido 0,104795

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias (ou calquer aboado) que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente con auga da rede municipal, e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, co fin de coñecer o caudal vertido, instalarán ao seu cargo aparatos para a medición do devandito caudal que servirá para a facturación por depuración. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do Servizo Municipal de augas poderase realizar un aforo de caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

€

Cota fixa mensual (aboado mes) 7,513

Por cada m³ verquido (medido ou 0,104795 aforado)

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do seguinte artigo Ordenanza Nº IV.4 Fiscal xeral, nos seguintes termos:

Artigo 14 Procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais solicitados polos interesados

“1. A concesión ou denegación de beneficios fiscais axustarase á normativa específica de cada tributo e ao disposto nas ordenanzas fiscais reguladoras destes.

Para ter dereito a calquera beneficio fiscal regulado na normativa municipal, será requisito indispensable que o solicitante non teña débedas coa Facenda municipal, salvo disposición en contrario establecida na ordenanza reguladora do tributo correspondente.

A carga da proba do cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención dos beneficios fiscais corresponderalle ao solicitante, podendo achegar, ademais da documentación esixida na ordenanza, aquela que considere conveniente.

2. As solicitudes deberán presentarse nos seguintes prazos:

- No caso de tributos de devindicación periódica xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na ordenanza reguladora do tributo e, no seu defecto, no prazo establecido para a presentación da declaración de alta ou modificación que corresponda.
- No caso de tributos xestionados mediante autoliquidación ou declaración tributaria, no

momento de presentación desta.

Salvo que a normativa estableza outra cousa, a aplicación dos beneficios fiscais nos tributos locais requirirá a petición escrita da parte interesada e fornecerán efectos desde a data da solicitude, ou no caso de tributos de devindicación periódica, desde a devindicación inmediata seguinte á mesma, sempre que en dito momento se reúnan os requisitos esixidos para o seu goce.

3. Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron.

A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión dos ditos actos nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

4. O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais terminará por resolución da Alcaldía na que se recoñeza ou se denegue a aplicación do beneficio fiscal. Se a resolución é estimatoria os interesados daranse por notificados coa aprobación do correspondente padrón no que consten os beneficios aplicados, salvo que o beneficio teña validez por un período determinado de tempo, que se notificará individualmente. No caso de que sexa desestimatoria ou parcialmente estimatoria notificarase no prazo máximo de 6 meses.

5. O recoñecemento dos beneficios fiscais fornecerá efectos dende o momento que estableza a ordenanza fiscal reguladora do tributo e serán de aplicación durante o período de tempo que alí se indique”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Nº IV.4 Fiscal xeral no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal IV.4 Fiscal Xeral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), e dez abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do seguinte artigo Ordenanza Nº IV.4

Fiscal xeral, nos seguintes termos:

Artigo 14 Procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais solicitados polos interesados

“1. A concesión ou denegación de beneficios fiscais axustarase á normativa específica de cada tributo e ao disposto nas ordenanzas fiscais reguladoras destes.

Para ter dereito a calquera beneficio fiscal regulado na normativa municipal, será requisito indispensable que o solicitante non teña débedas coa Facenda municipal, salvo disposición en contrario establecida na ordenanza reguladora do tributo correspondente.

A carga da proba do cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención dos beneficios fiscais corresponderalle ao solicitante, podendo achegar, ademais da documentación esixida na ordenanza, aquela que considere conveniente.

2. As solicitudes deberán presentarse nos seguintes prazos:

- No caso de tributos de devindicación periódica xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na ordenanza reguladora do tributo e, no seu defecto, no prazo establecido para a presentación da declaración de alta ou modificación que corresponda.
- No caso de tributos xestionados mediante autoliquidación ou declaración tributaria, no momento de presentación desta.

Salvo que a normativa estableza outra cousa, a aplicación dos beneficios fiscais nos tributos locais requirirá a petición escrita da parte interesada e fornecerán efectos desde a data da solicitude, ou no caso de tributos de devindicación periódica, desde a devindicación inmediata seguinte á mesma, sempre que en dito momento se reúnan os requisitos esixidos para o seu goce.

3. Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron.

A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión dos ditos actos nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

4. O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais terminará por resolución da Alcaldía na que se recoñeza ou se denegue a aplicación do beneficio fiscal. Se a resolución é estimatoria os interesados daranse por notificados coa aprobación do correspondente padrón no que consten os beneficios aplicados, salvo que o beneficio teña validez por un período determinado de tempo, que se notificará individualmente. No caso de que sexa desestimatoria ou parcialmente estimatoria notificarase no prazo máximo de 6 meses.

5. O recoñecemento dos beneficios fiscais fornecerá efectos dende o momento que estableza a ordenanza fiscal reguladora do tributo e serán de aplicación durante o período de tempo que alí se indique”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Nº IV.4 Fiscal xeral no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA AO EMPREGO DO GALEGO NA CARTELERÍA DOS EVENTOS NOS QUE SE ATOPE IMPLICADO O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. - Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 27 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 9 de outubro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA AO EMPREGO DO GALEGO NA CARTELARÍA DOS EVENTOS NOS QUE SE ATOPE IMPLICADO O CONCELLO DE VILAGARCÍA

Francisco Xabier Rodríguez Paz, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilagarcía de Arousa, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este grupo municipal considera que o apoio, a defensa, a promoción e o fomento da lingua galega por parte das administracións debe ser unha prioridade, tratando á mesma como un dos nosos bens máis prezados que nos identifica como pobo. Resulta alarmante a situación da nosa lingua no actual escenario en que, por primeira vez na nosa historia, é menor a porcentaxe de persoas que manifestan utilizar o galego a cotío das que o fan en castelán.

Nese senso, a administración municipal non pode permanecer indiferente e debe de mirar polo cumprimento do uso e da protección ao noso idioma, non só nas sesións plenarias e nos actos oficiais, - como xa defendemos nunha moción anterior - senón que entendemos que dita actuación debe estenderse á diferente documentación e propaganda que sae e se orixina no concello.

Xa van varias veces que no BNG observamos que, nalgunha cartelaría que sae do Concello, ou na que o Concello aparece coma colaborador, patrocinador ou organizador de certos eventos, é utilizado o castelán en exclusiva, rompendo polo tanto cos acordos existentes pola protección ao noso idioma.

Sería preciso polo tanto que toda a documentación que saíse nese senso do concello, fose revisada previamente pola técnico de Normalización Lingüística, para garantir que se cumpra coa

promoción do galego contemplada na Lei de Normalización Lingüística de Galiza.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Emprego da lingua galega en toda aquela cartelaría, así coma anuncios e propaganda de todo tipo, que sexan subvencionados ou patrocinados polo Concello de Vilagarcía de Arousa, así coma naqueles nos que a administración local figure coma colaboradora ou organizadora.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo voceiro do grupo político municipal do BNG, relativa ao emprego do galego na cartelaría dos eventos nos que se atope implicado o Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e de se empregue a lingua galega en toda aquela cartelaría, así coma anuncios e propaganda de todo tipo, que sexan subvencionados ou patrocinados polo Concello de Vilagarcía de Arousa, así coma naqueles nos que a administración local figure coma colaboradora ou organizadora.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA Á CANCELACIÓN DA CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DOS MAIORES. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 27 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de PP, coa data de 22 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de outubro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Celebración da Romaría dos Maiores”

EXPOÑEN

O grupo Municipal do Partido Popular lamenta a decisión do goberno local de non celebrar este ano a Romaría dos Maiores. Un acto tradicional e moi esperado por centos de veciños e veciñas que cada ano atopan nesta xornada un espazo de convivencia e alegría.

Dende este grupo municipal consideramos que a suspensión da Romaría supón un menosprezo cara aos nosos maiores, que merecen o mesmo respecto e atención que sempre tiveron en Vilagarcía.

O goberno local xustifica a decisión en cuestións orzamentarias, pero dende o PP entendemos que o único motivo real é a falta de planificación e a mala xestión do goberno local. O que non

hai é previsión e capacidade para organizar a tempo un evento tan importante para a nosa xente maior.

Dende o Partido Popular entendemos a Romaría dos Maiores, como unha xornada que axuda a facer comunidade. Un día no que os máis veteranos gozan e comparten recordos e bos momentos, fortalecendo a convivencia do noso concello.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

1. Que o Concello de Vilagarcía rectifique e celebre a Romaría dos Maiores deste ano 2025.
2. Que o goberno local adopte as medidas necesarias para planificar a edición da Romería dos Maiores do ano 2026 e evitar que se repita unha situación como a actual.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, relativa á cancelación da celebración da Romaría dos Maiores.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que o Concello de Vilagarcía rectifique e celebre a Romaría dos Maiores deste ano 2025.
2. Que o goberno local adopte as medidas necesarias para planificar a edición da Romería dos Maiores do ano 2026 e evitar que se repita unha situación como a actual.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- COMPARECENCIA DA TENENTE DE ALCALDE, DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN, SOLICITADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, PARA DAR CONTA DA SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO.

Dáse conta do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de 2 de outubro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da solicitude do grupo municipal de EU de comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, presentada coa data de 15 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Juan Manuel Fajardo Recousó voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, presentan para o seu debate no pleno ordinario do próximo mes a seguinte solicitude de comparecencia da tenende de Alcalde Tania García Sanmartín en virtude do artigo 19 do regulamento orgánico do Concello de Vilagarcía, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do concello

Entre outras consideracións entendemos que a comparecencia debería conter explicación detallada, entre outros, dos seguintes incumprimentos contractuais.

1. Incumprimento do ratio comprometido de 1 colector por cada 60,77 habitantes na zona urbana (zona 1 do contrato).

2. Incumprimento reiterado do horario de recollida do lixo “resto”, que debía facerse entre as 23:00 e as 05:15, pero recóllese habitualmente máis tarde.
3. Incumprimento do horario de recollida da fracción orgánica, previsto de 23:00 a 02:00.
4. Nos lugares de alta ocupación hostaleira, non se recollen os residuos os 7 días da semana como estaba comprometido.
5. Incumprimento na recolocación de ata 160 colectores en eventos e festas; non se fixo na súa totalidade nas festas de San Roque.
6. Incumprimento da frecuencia de lavado dos colectores, comprometida cada 15 días no verán. Non se fai nin unha vez ao mes, chegando a pasar meses sen lavar.
7. Incumprimento na limpeza das zonas de colectores, que debía realizarse tamén cada 15 días; en moitos casos nunca se fixo.
8. Falta de mantemento dos colectores: decenas sen pedal de apertura seguen sen reparar nin substituír, por exemplo nos Duráns ou na avenida Rosalía de Castro.
9. Incumprimento do prazo de 24 horas para substituír colectores danados, que levan meses sen reposición.
10. Incumprimento da recollida diaria de voluminosos, xerando un estado de abandono intolerable (especialmente grave no barrio dos Duráns).
11. Non se cobren na súa totalidade as vacacións do persoal.
12. Non se cobren as baixas laborais do persoal.
13. Incumprimento do baldeo mecánico e manual, que debía facerse 3 días á semana en verán na zona 1.
14. Incumprimento do servizo de desbroce: comprometéranse 2 equipos traballando 6 días á semana e un terceiro 2 días á semana; non se cumpre.
15. Non se realiza 3 veces ao mes a limpeza de pintadas e retirada de carteis en espazo público, como figuraba na oferta.
16. Inexistencia ou non utilización da limpadora de praias autopropulsada anunciada pola empresa.
17. Inexistencia ou non utilización do tractor 4x4 con remolque para limpeza de praias, tamén comprometido.
18. Non se está a usar de forma efectiva a oficina de atención ao cidadán en Fariña Ferreño.
19. Falta de utilización real dos 2 vehículos eléctricos 4x4 para limpeza de praias.
20. Inexistencia da APP para a cidadanía comprometida no contrato.
21. Incumprimento da campaña de concienciación social en redes: a empresa comprometérase a 3 publicacións mensuais dirixidas á veciñanza de Vilagarcía.
22. Incumprimento do horario de atención ao cidadán, que debía ser de 9:00 a 13:30 e de 16:00 a 18:00. Só se atende en Trabanca de 9:00 a 14:00.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e EU presentes na Comisión informan favorablemente.

En consecuencia e por unanimidade infórmase favorablemente a solicitude de comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, presentada polo grupo político municipal de EU, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do Concello.

Unha vez acordada polo Pleno a comparecencia mencionada, o Alcalde incluírá o asunto na Orde do Día da próxima sesión plenaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia da Tenente de Alcalde Dona Tania García Sanmartín, solicitada polo grupo político municipal de EU, para dar conta da situación na que se atopa o servizo de limpeza e recollida de lixo do Concello. O Alcalde deberá incluír este asunto na orde

do día da próxima sesión plenaria.

Pola Tenente de Alcalde, Dona Tania García Sanmartín dáse resposta ás preguntas citadas, na petición de comparecencia.

- Sendo as 19:24 horas ausentase da sesión D. Juan Andrés Bayón Rolo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose a seguinte:

Coa data de 29 de outubro de 2025, presentouse pola Concelleira da Área de Igualdade no Rexistro Xeral, a seguinte Moción de Urxencia:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 25N – DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

Na derradeira sesión do Consello Local da Muller do Concello de Vilagarcía de Arousa celebrada o pasado día 7 de outubro, acordouse que este ano 2025 o Consello se sumaría ao Manifesto que aprobara a FEGAMP.

Posto que a FEGAMP non aprobou ata o día de onte dito Manifesto, foi imposible preséntalo con tempo suficiente ao índice do pleno e ás Comisións Informativas. É por isto que o presentamos con carácter urxente solicitando a súa presentación e aprobación de selo caso, no Pleno Municipal:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA CONTRA A VIOLENCIA, CONTRA QUEN MALTRATA E CONTRA QUEN A NEGA OU A RELATIVIZA

25 de novembro de 2025 - Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Dende o rexeitamento e condena unánime á violencia machista que sofren as mulleres, o municipalismo galego conmemora este 25 de novembro lembrando ás tres irmás activistas da República Dominicana, asasinadas e inspiradoras desta data internacional. Facémolo ñas portas dos nosos Concellos e Deputacións, pero tamén ñas rúas, ñas prazas, nos centros educativos e nos lugares de traballo.

Os concellos e deputacións galegas somos conscientes da urxencia de erradicar unha violencia que, polo feito de ser mulleres, continúa a ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso firme e irrenunciable para poner fin á violencia contra as mulleres.

Como recolle o Convenio do Consello de Europa —Convenio de Istambul—, “a natureza estrutural da violencia contra as mulleres está baseada no xénero, e constitúe un dos

mecanismos polos que se mantón ás mulleres nunha posición de subordinación respecto dos homes”. Este ano cómprese 30 anos da IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Pekín, 1995), un fito histórico na defensa da igualdade. Alí, 30.000 persoas e representantes de 189 gobernos afirmaron que a violencia de xénero nace de pautas culturais que perpetúan a inferioridade das mulleres e que a súa erradicación é esencial para a igualdade, o desenvolvemento e a paz.

En 2025, 32 mulleres foron asasinadas no Estado polas súas parellas, dúas delas en Galicia. Ademais, tres menores foron asasinados en contextos de violencia de xénero, sumando xa 65 dende 2003. O último informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial advirte dun incremento do 5 % ñas denuncias en Galicia respecto ao ano anterior.

Por todo isto, hoxe e cada día do ano, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) manifesta a súa máis rotunda condena ante todas as formas de violencia contra as mulleres. Condenamos cada acto, a cada agresor, e tamén a quen nega, minimiza ou xustifica a existencia desta violencia. O negacionismo non só fere a memoria das vítimas, senón que desprotexe ás que sofren e debilita o compromiso social necesario para combatala. Negar ou relativizar a violencia machista é contribuir á súa persistencia, e fronte a iso as institucións galegas deben manterse firmes, unidas e comprometidas.

Sabemos que a desigualdade estrutural segue presente ñas vidas das mulleres. Os estereotipos e patróns de xénero continúan nos ámbitos da economía, da cultura, da política e do deporte, atacando o corazón mesmo da liberdade e da democracia. A súa expresión máis cruel é a violencia de xénero, alicerzada nun sistema patriarcal que perpetúa o control e a desigualdade.

Debemos erguer a voz por aquelas mulleres que atopan máis barreiras para acceder á información e á protección: mulleres con discapacidade, maiores, migrantes ou que non dominan as nosas linguas. Seguiremos traballando para garantir os seus dereitos con servizos e recursos adecuados, en condicións de plena igualdade.

En Galicia, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, así como todo o persoal municipal, póñense a carón das vítimas e das súas familias para dicirlles que non permitirán que se vulnere o principio de igualdade nin se normalice esta violencia, un crime contra os dereitos humanos que nos empobrece como sociedade.

Contamos cun amplo marco legal, xudicial e de protección —a Leí Orgánica 1/2004, a Leí galega 11/2007 e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero— que debemos seguir reforzando tamén dende o ámbito local.

Finalmente, a FEGAMP quere recoñecer o compromiso da cidadanía galega na loita contra a violencia machista, animando a actuar con unidade e a rexeitar con firmeza os comportamentos violentos e a quen os ampara. Ás mulleres dicímoslles, con toda convicción: hai saída, e non están soas. Nin hoxe, nin nunca.

Sométese a votación polo Sr. Alcalde a declaración de urxencia da moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE Aprobado a declaración de urxencia da moción presentada pola Área de Igualdade relativa ao Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N - Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde o manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE Aprobado a Declaración Institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa contra a violencia, contra quen maltrata e contra quen nega ou a relativiza sumándose ao Manifesto da FEGAMP con motivo do 25 de novembro de 2025 - Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do grupo político municipal do BNG presentanse por escrito o día 21 de outubro de 2025, as seguintes preguntas:

CARREIRA SOLIDARIA UCRAÍNA:

- Que previsión tiña o concello do número de participantes para a II Carreira Solidaria pola Ucraína?
- Cal foi o número total de persoas participantes?
- Considera o concello que por un evento de tal magnitude é acaído o peche ao tráfico durante tantas horas de diferentes rúas da nosa cidade?
- Que valoración fai o concello do evento?
- Contempla o grupo de goberno tomar algún tipo de medidas de cara a futuras celebracións do mesmo?

- Respóndense as preguntas polo Concelleiro D. Alvaro Carou García.

APARCAMENTO DISUASORIO S.ROQUE CARRIL

- Cómo se atopa o aparcamento disuasorio de San Roque?
- Debido ao estado no que se atopa, convértese nunha lameira, máis en época de choivas, que provoca que os coches escorreguen ou se afundan quedando toda a terra do firme removida e sendo imposible aparcar alí. Teñen pensado levar a cabo algún tipo de actuacións sobre o mesmo? De ser así, cales?
- Teñen pensado facer algo respecto aos correntes de terra que baixan dende a Capela de S.Roque ata o aparcamento? Qué medidas van tomar para que non se produzan?

- Respóndense as preguntas polo Concelleiro D. José María González Araújo.

Por parte do grupo político municipal do PP presentanse por escrito o día 24 de outubro de 2025, as seguintes preguntas:

1. ¿Adoptouse algunha solución ao conflito con Fundiciones Rey polo aparcadoiro do Salnés?
2. Hai anos que no edificio sito en Agustín Romero 12 hai unhas vallas na beirarrúa debido a seguridade da fachada. ¿En qué estado se atopa o expediente de disciplina urbanística?
3. Nos orzamentos sinálase unha partida 125 mil euros destinada a comprar placas para o rueiro. ¿Cantas placas vanse a comprar con eses 125 mil euros?
4. ¿Cando se constituíu o Consello Local da Terceira Idade neste mandato?
5. ¿En que Consello Local da Terceira Idade se adoptou o acordo sobre a cancelación da Romaría dos Maiores?
6. Como grupo maioritario da oposición, ¿Onde podemos acceder, o Grupo Municipal do Partido Popular, ao acta dese Consello Local da Terceira Idade?
7. ¿Por que non se convocou ao representante do Partido Popular a ese Consello Local da Terceira Idade, representación aprobada en sesión plenaria do 31 de agosto de 2023, cando foi solicitada a nosa convocatoria en varias ocasións, tanto presencialmente no departamento municipal de maiores como no Pleno?

- Respóndense as preguntas polo Sr. Alcalde e pola Concelleira Dona Tania García Sanmartín.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251030&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.